

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 5 DE DECEMBRO DO 2019

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día cinco de decembro do dous mil dezanove, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e tres minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Manuel Rodríguez Martínez, D. Victor Manuel Rodríguez López.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Interventor: D. Manuel Vázquez Fernández.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

Non asiste o Concelleiro do Partido Popular D. Roberto Eireos Saez.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

ORDE DO DÍA:

1º.- MODIFICACIÓN DAS CONTÍAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN POR ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS E ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLÍTICOS.

O ditame é favorable á proposta do expediente, por seis votos a favor (Grupo Socialista) e dúas abstencións (unha do Grupo Municipal do PP e unha de D. Emilio José Sánchez Iglesias, Grupo Mixto), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na proposta do expediente:

“No Pleno de Organización de data 20 de xuño do 2019 prestouse aprobación á asistencia a Organos colexiados e asignación a grupos políticos municipais.

Como se veu anunciado por esta Alcaldía, en reiteradas ocasións, a intención da mesma é actualizar ditas asistencias e asignacións, ata unha contía similar con outros Concellos, cuxas circunstancias económicas e organizativas son coincidentes coas do Concello de Monforte de Lemos.

Non obstante, a cantidade proposta é moi inferior ás percibidas noutros Concellos da nosa contorna.

Polo que PROPOÑO ao Pleno da Corporación:

PRIMEIRO.- Fixar a percepción por asistencias a órganos colexiados, que lles corresponde aos membros da Corporación, sen dedicación exclusiva ou parcial, en 100,00 € por sesión do Pleno, da Xunta de Goberno Local, das Comisións Informativas e por reunión da Xunta de Portavoces.

SEGUNDO.-Asignar aos Grupos políticos municipais a seguinte dotación económica:

Compoñente fixo: 500,00 € por mes. Idéntico para tódolos Grupos.

Compoñente variable: 100,00 € por membro do Grupo e mes. “

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que o seu grupo despois de valoralo di que sabe que estas retribucións, primeiro hai un punto das retribucións aos grupos, fala de locais, caso que non é doado, di que esas retribucións de 500,00 euros por grupo, cada grupo ten que ter o seu local. O valoron positivamente. Di que son conscientes en Concellos de que na mesma categoría veñen sendo parellas, o importante é traballar para que estas retribucións sexan xustrificantes. Valoran posivamente este primeiro punto. Di que o segundo punto non é momento máis axeitado para facelo.

SECRETARIA

Intervén D^a Isabel García di que o se presenta é unha modificación das contías que están a recibir os grupos políticos. O que se propón é un incremeento do 50%. Ademáis no segundo punto da proposta asignase un compoñenete fixo de 500,00 € idéntico para todos os grupos. O que vén a dicir é o seguinte, cando se constituiu o pleno de organización, este grupo manifestou, Esperta Monforte, a postura contraria coa pertencencia ao Grupo Mixto. A primeira razón que dixo o Sr. Alcalde é que o facía iso por coherencia, para non caer en prevaricación. Dase a circunstancia de que este grupo percibindo o 100% por 100%, eses 300 euros no ano 2019 cobraba 400 euros ao mes, 4.800,00 euros ano, dividindo dado que nos facía a división do Grupo Mixto estamos a cobrar 350,00 euros ao mesmo, un total de 4.200,00 unha diferenza mínima de 600,00 euros co que viñamos cobrando como grupo no ano 2019. Falaba de coherencia e aforro, e mandounos ao Grupo Mixto, vai incrementar os ingresos para o seu grupo político. O PSOE ao mes 1.600 euros mensuais, 19.200,00 euros, eses 100 euros da Xunta de Goberno Local, máis as outras comisións. Di que nos da a razón o que pretendeu no seu momento foi limitar a democracia e rebaixar o tempo de intervención. Os números non engañan, a mantemática é exacta.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que entende esta proposta a nivel individual, eran baixas en comparación con outros Concellos. Quizá sexa moi elevado o 100 por 100. Tamén lle chamou a atención que a asignación sexa de 300 a 500 euros, tamén entenden que igual sexa beneficioso para compañeiros que actualmente están nun grupo mixto. Di que non van votar en contra vanse abster.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que ou teñen moi mala memoria pero que xa dixo no pleno de organización que se ía facer, non se fixo porque non había orzamento. Trátase de cumprir con aquilo que xa se dixo. O que se trata é de axustar o tema das asistencias, que están así dende o ano 1999, vendo o abanico que hai ao arredor, estaba moi descompensados. Di que tamén o que se trata é de axudar aos grupos sobre todo aos grupos minoritarios, recorda cando él tiña catro concelleiros e outros tiñan nove. Aquí o que se trata é de axudar aos partidos que teñen menos número de concelleiros, e que polo tanto teñen unha axuda menor. Di que os grupos teñen un custe para facer a súa labor política e por iso se fai este tipo de axudas. Hoxe a quén menos lle interesa actualizar é ao seu grupo. Os grupos que teñen menos concelleiros é aos que máis pode beneficiar esta situación, o que se trata é de axudar pola labor que fan en beneficio dos cidadáns. Vostede fai a súa interpretación dona Maribel, vostede interprete o que queira, o grupo mixto inventouno a Lei, non o fixo el. O que ten que dicirlles a eses compañeiros seus que modifiquen a Lei, mentres a Lei o diga, vostede non ten dous concelleiros, non llo deron os cidadáns. Ás veces o que se avecina é unha cousa e ás veces é outra, e a lei di que o di.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que o da lei é certo, pero ás veces é interpretable, hai Concellos onde si existen eses grupos individuais cun concelleiro, o Concello de Vilagarcía por exemplo. Di que eles vanse abster, o que si é importante é facer traballo polos veciños para que esas asignacións non sexan de balde.

Intervén D^a Isabel García dicindo que na proposta da Alcaldía se di que o pleno de organización de data 20 de xuño de 2019. Na lexislatura pasada existía a mesma lei que existe nesta, hai moitos Concellos, é unha decisión do equipo de goberno, aproveitan

para restrinxir o tempo. O que dixo non é cuestión de humor, vostede e o seu grupo, son ao ano 19.200,00 euros, as matemáticas son exactas, non é palabrería.

Intervén o Sr. Alcalde, dicindo que o pleno de constitución foi o 15 de xuño. No pasado mandato soamente había un grupo cun único concelleiro que era o seu. Vostede mezcla coma sempre unha ensaladilla rusa, unha acusa é a asistencia a un órgano colexiado de persona particular, cada concelleiro, iso é invidiual, non é do grupo, vostede non pode sumar. O que pode facer é o que recibe o grupo, son 300 euros por grupo por 12 meses, o resto é invidual, vostede ten que declaralo na declaración da renda, non llo cotiza o partido. Non é o conto de verdade, os concelleiros reciben o que reciben, cada un recibirá o que reciba individualmente, pero en todo caso o reciben a título de concelleiro/a individual. E a partir de xaneiro serían 500 euros por grupo. Antes non se queixaba no mandato pasado, aí non, o conto cambiou, agora tamén, as súas matemáticas non coinciden coas miñas.

Sometido o asunto a votación, aprobase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, un voto en contra da concelleira D^a Isabel García Díaz (Esperta Monforte) e catro abstencións do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez (BNG) do Grupo Mixto .

2º.-ORZAMENTO XERAL DE 2020 DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS: ORZAMENTO DA ENTIDADE LOCAL E DO ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS, BASES DE EXECUCIÓN, CADRO DE PERSOAL, TEITO DE GASTO, MASA SALARIAL DO PERSOAL

O ditame é favorable á proposta do expediente, por seis votos a favor (Grupo Socialista) e dúas abstencións (unha do Grupo Municipal do PP e unha de D. Emilio José Sánchez Iglesias, Grupo Mixto), e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na proposta do expediente:

“Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2020, que inclúe o Orzamento do Concello e o do Instituto Municipal de Drogodependencias, así como, as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensiva de todos os postos de traballo tanto funcionario coma laboral, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto e coñecido o contido do informe de Intervención que consta no expediente.

Visto o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Regra de Gasto que consta no expediente.

Proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Monforte de Lemos e o seu organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias para o exercicio económico 2020, que cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira, e a documentación anexa e complementaria que se une ó expediente, que ascende a **13.603.301,64 €**, xunto coas súas Bases de execución, consolidado co do Instituto Municipal de Drogodependencias, resumido por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE CONSOLIDACIÓN ORZAMENTO 2020				
GASTOS				
2020	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	4.502.743,96	271.435,57		4.774.179,53
CAPITULO II	6.978.755,98	19.100,00		6.997.855,98
CAPITULO III	6.133,80			6.133,80
CAPITULO IV	1.126.173,99		290.535,57	835.638,42
CAPITULO V	0,00			0,00
TOTAL	12.613.807,73	290.535,57	290.535,57	12.613.807,73
CAPITULO VI	594.747,80			594.747,80
CAPITULO VII	388.746,11			388.746,11
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	0,00			0,00
TOTAL	989.493,91	0,00	0,00	989.493,91
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	13.603.301,64	290.535,57	290.535,57	13.603.301,64

INGRESOS				
2020	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	5.602.957,40			5.602.957,40
CAPITULO II	100.000,00			100.000,00
CAPITULO III	2.071.105,31			2.071.105,31
CAPITULO IV	5.767.121,65	290.535,57	290.535,57	5.767.121,65
CAPITULO V	56.117,28			56.117,28
TOTAL	13.597.301,64	290.535,57	290.535,57	13.597.301,64
CAPITULO VI	0,00			0,00
CAPITULO VII	0,00			0,00
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	0,00			0,00
TOTAL	6.000,00	0,00	0,00	6.000,00

SECRETARIA

TOTAL XERAL CONSOLIDADO	13.603.301,64	290.535,57	290.535,57	13.603.301,64
-------------------------	---------------	------------	------------	---------------

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual, segundo figura no expediente.

TERCEIRO. Aprobar o teito de gasto de acordo coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para o exercicio 2020 de acordo cos cálculos da regra de gasto :

LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE FINAL CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS:	2,9 %	10.843.450,66
LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE ORGANISMO AUTÓNOMO: I.M.D.	2,9 %	288.705,04

CUARTO. Aprobar a masa salarial do persoal laboral do Concello, que ascende a 1.076.664,22 €, e do I.M. de Drogodependencias 177.957,66 €.

QUINTO. Aprobar as Bases de execución e o anexo de subvencións que forman parte do expediente do orzamento.

SEXTO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2020, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días hábiles, computando o prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ó público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

SÉTIMO. Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

OITAVO. Remitir copia á Administración do Estado, así como, á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma, a través das plataformas habilitadas ó efecto."

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Secretario manifestando que existe un erro no cadro de personal funcionario, onde figura unha antigüidade que non corresponde, trátase de dous auxiliares administrativos. O erro consiste en que figura unha antigüidade de 2.07.96 sendo a real o 2.01.1994 e figura unha antigüidade de 20.08.96 sendo a real 20.01.1995.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo con esa corrección do cadro de persoal.

Intervén D^a Gloria Prada manifestando que o alcalde cumpre co compromiso adquirido cos monfortinos e monfortinas, cando fai algo máis de catro anos foi elexido para gobernar a nosa cidade, por quinto ano consecutivo se presenta o orzamento dentro do ano natural, deixan o retraso de etapas anteriores, e que convertían ao orzamento nun documento pouco útil. Fala da redución da taxa do cemiterio, o que resulta moi positivo para as persoas maiores, e polo tanto son as que pagan a taxa do cemiterio. Nos derradeiros 25 anos, non se presentaron os orzamentos dentro do ano natural, o que demostra a seriedade e a boa xestión feita por este equipo de goberno. Fala da previsión e ingresos que ascende a de 13.603.301,64 euros, o que pon de manifesto un

SECRETARIA

incremento de 670.250,54 euros o que representa un 5,°18 % de crecemento, os fondos proceden da participación dos tributos do Estado por importe de 300.000,00 euros, mentres que os fondos da xunta ascende a 1.798,50 euros, parece que o Sr. Feijoo non ten intención de axudar a Monforte. Fala de que por primeira vez na etapa democrática fai máis de 40 anos, o Concello non vai pedir un crédito bancario, con débeda cero. O Concello de Monforte non debe ningún euro aos bancos e, polo tanto se comenará libre de débeda no Concello, sendo un dos puocos Concellos onde os cidadáns non teñen débeda pública. Continúa falando dos gastos do orzamento, incremento en gastos sociais, campamento de verán, aumento significativo pasando de 125 prazas a 150 prazas, aumentando 50 rapaces/as. Económicamente o campamento de 25.000,00 a 39.000,00 euros, o supón un 56% de incremento, Un incremento da partida de emerxencias sociais en 5.000,00 euros, pasando a 50.000 euros no ano 2020, un aumento 11,11%, o programa de xantar na Casa pasa de 4.000,00 euros a 7.500,00 euros, 66,66% euros. Fala das partidas do bus universitario.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que os orzamentos do Concellos é a ferramenta indispensable para o funcionamento desta casa. Gustaríalle que se dese tempo suficiente para falar. O debate dos orzamentos é importantísimo. Di que é certo que estes orzamentos hai cousas importantes de suliñar, como é o incremento nas prestacións sociais, outro incremento en alcantarillado e saneamento, iluminación. Tamén medraron as festas con respecto ano pasado, nota en falla no orzamento un plan que dinamice o entorno rural, un plan de recuperación ou mantemento da poboación, no tocante aos ingresos. Di que se está a falar de que hai un incremento de 300.000, 00 euros con respecto ao pasado ano no IBI, se se baixara o IBI eses dous puntos porcentuais, por esa aportación do Estado e da Xunta, polo tanto era preciso ese esforzo fiscal a tódolos monfortinos/as, outra cousa é que vostedes queiran facelo. Podíase rebaixar o IBI e non resentirse no orzamento. Di que bota en falla ter unha reunión para intentar cooperar e facer algún tipo de aportación.

Intervén D^a Isabel García manifestando que foi o seu grupo quén presentou no derradeiro pleno ordinario un rogo solicitando unha rebaixa do IBI. O que nós estábamos pedindo suponía 311.000,00 euros. No 2019 o IBI urbán foron 3.720.147, na previsión son 4.014.000, escasamente 20.000,00 euros de diferenza, que era perfectamente asumible, non houbo vontade de querer cumplimentalo. Efectivamente hai un incremento en servizos sociais, absolutamente necesarios, a Xunta de Galicia deberá colaborar máis nos Servizos sociais. Hai un incremento das facturas das festas. Estes orzamentos están feitos para gloria do alcalde, non está explicitado nos presupostos esa petición para o mundo da discapacidade para un campamento de verán. Botamos en falla moitas outras inversión, temos un grave problema de urbanismo, en Monforte caen as casas, non temos unha unidade de urbanismo, graves problemas de medio ambiente.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que hai unha previsión de incremento de ingresos. Os presupostos son bastante difíciles de entender. A maior parte dos ingresos veñen da carga impositiva, di que non lles vale de excusa xa que foi o goberno de Rajoy, hai un aumento de ingresos pola carga impositiva. Se considera que vai haber uns 400.000 euros de ingresos, na plusvalía. Fala de como se van xenerar eses ingresos de plusvalía porque a xente está demandado. Fala de actividade económica nula, de

SECRETARIA

crecemento de poboación vai a menos. Di que se presume de presupostos sociais, moito do gasto social, se deriva dos convenios coa Xunta, son de cerca de 2.000 millóns de euros para gasto social, cando se consulta porque non colaboran para os nenos con discapacidade. Aínda que sexa unha competencia da Xunta, porque un 1 euros por neno non supón tanto. Non existe gasto para o fomento de emprego, para fomento da poboación, para xente xove. O epígrafe de fomento de emprego cada vez é menor, non lle importa a economía, cando quere meter no mesmo lote, toda xestión do turismo cando pecha o embarcadoiro de Doade en pleno mes de decembro. Di que non están satisfeitos na elaboración dos orzamentos di que lles parecen opacos e de pouca transparencia. Se recorre a epígrafes xenéricos, estudos e traballos técnicos, case 2.000 millóns de euros, no transporte de viaxeiros, 75.000, 00 euros, un ten que intuir que son para a empresa cesionaria, un orzamento ten que saber para onde vai. Fala que quere que Monforte teña un orzamento máis claro. Fala de gastos diversos, outros gastos sociais, pola norma de transparencia se aproveitan destes epígrafes. Bota en falla que se inicien co número 6 de inversión reais, a maior parte do orzamento é para o personal, sen contar co persoal das empresas cesionarias, queren unha relación de postos de traballo, como se acceden a eses postos e que funcións desempeña cada empleado, poderíamos seguir, lle sorprende a limpeza viaria se leve 200.000,00 euros e a rúas están sucias, hai que controlar o gasto que se fai dese diñeiro. O cemiterio necesita máis mantemento, en definitiva podería seguir sen parar. Fala de sacarse a foto para ter contenta á xente no momento, pasará que dentro de catro anos a xente de Monforte merma, non é suficiente un par de festas ao ano, un par de parques, 600.000 euros nun e 300.000 euros noutro. Fala de que aquí hai un problema económico importante.

Intervén D^a Gloria Prada continúa a falar do compromiso social do goberno municipal. Fala do gasto de persoal que aumenta en 35.000,00 euros do ano anterior, das festas patronais en 300.000,00 (festas e verán cultural) que aumenta en 26.000,00 do ano anterior, a partida de 17.500,00 euros para axudas das festas dos barrios e parroquias, Continúa falando da prioridade de traballar polo emprego, Obradoiro 100.000,00 euros. Aumento en 5.000, 00 axudas para creación neta de emprego das empresas e autónomos, 30.000, 000 euros no 2020. Deportes se manteñen axudas,

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que se se tivera unha xuntanza anterior se aforrarián as críticas ás festas. Fala dos deportes, as subvencións deben ser por concurrencia, non nominativas, para poder facer unhas axudas mais axeitadas para que non existan comparacións con clubs, hai unhas diferencias terán que explicarse en base a que se fan esas axudas, non quere dicir que lle quiten ao que máis cobra senon que equiparen. Fala do transporte público, non sabe se esas partidas chegarán para facer fronte ao contrato do transporte público. Bota en falla orzamento para o plan xeral de ordenación municipal. Di que por coherencia no pasado ano, abstívose, e por coherencia inda que seguen faltando cousas di que se vai abster.

Intervén D^a Isabel García dicindo que efectivamente non hai partida para PXOM, tampoco para a depuradora, perda de poboación, os mozos e mozas teñen que marchar, ao non ser que se pretende que se arranxe cos 100.000 euros do obradorio, tampouco aceptou esa petición de entrevista co ministro de fomento, non existe un modelo para o desenvolvemento do comercio local. Gasto no transporte urbano de 80.000,00 euros e non vai chegar ao polígono industrial, fala da non discrecionalidade das subvencións deportivas

SECRETARIA

senón que exista unha concorrencia competitiva. Gastos en publicidade nos medios, vostede dende logo é “o home don millón de fotos “, en festas, parques novos e de feito, algúns dos que hai mantéñense con dificultade. Son uns orzamentos no que prima o autombo, non abordan os problemas graves de Monforte, gástanse en flores os gastos necesarios para medicinas. Anuncia seu voto en contra.

Intervén D^a Katherinie Varela anuncia o seu voto en contra. Fala de que Monforte en poucos anos será unha cidade dormitorio. Haberá moitos parques e orquestras e estaremos todos moi ben. Pide que para outros presupostos haxa máis claridade de gasto, porque entende que hai determinado gasto que non se pode preveer, hai outras cousas, cando se ceden certos traballos técnicos a empresas, como vai ese traballo e como se gasta, gustaríalle que houbese máis inversión, que a xente xove se quixera quedar en Monforte, non lle vale unha foto do Obradoiro de Emprego, fagan outro obradoiro de emprego con fondos propios para fomentar que a xente xove que quede aquí, fala do PXOM non vai haber plan xeral de urbanismo, dalle pena que so haxa 6000 euros para o rural. Incentivar que a xente xové se quede.

Intervén D^a Gloria Prada continúa coa exposición dos orzamentos. Son uns bos orzamentos que manteñen as liñas xerais de anos anteriores, procurando reducir o gasto corrente para atender outras áreas de gasto, como son a atención as persoas, a mellora da cidade, o deporte, a cultura e o medio ambiente. Son outros orzamentos sociais pensado para dar un mellor servizo ao pobo de Monforte.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que ten que facer algunha puntualización. Se din cousas que si se pensaran ben non se dicían. Agradécelle a abstención a D. Emilio. Fala vostede de tempo suficiente, canto tempo é o necesario? Fai nove días que se convocou a comisión e foi cando se facilitou o proxecto do orzamento, se contamos ata hoxe, fan nove días. Fala vostede das festas, non é verdade, o que se fai é acumular o gasto do verán cultural máis o das festas, sumando as dúas cousas hai un incremento de 26.000,00 euros con respecto ao ano pasado. Di que o Concello ten obrigação de manter o servizo no rural, o de implatalalos é competencia da Xunta de Galicia, cada un que cumpra coas súas funcións. O que se incrementa son 300.000 euros da mellora da xestión, fala do padrón do IBI que agora é 300.00 0 euros máis grande porque había xente que non pagaba, nin sequera ese incremento ben do equipo de goberno, veñen de etapas anteriores, 2012-2015, e que levantaron eses bens que non estaban declarados, nin sequera é o Concello, iso obedece a unha mellora da xestión. No 2012 non o poñemos nós o incremento do IBI o fai Montoro. Di que se o Catastro actualiza de oficio, faremos unha rebaixa. A xente sabe que nós non subimos o IBI. As partidas de publicidade é moi pouco, e logo se fala de promocionar, publicítándonos, facendo unha guía, nas radios, nos xornais, como se promocionan as administracións? Parécelle moi pouquiño. Di vostede que Monforte é un enfermo grave, quen nos levou a esta situación, a súa candidatura fixoxe neste despacho da Alcaldía, as cousas ao final terminan sabéndose. Se está tan grave vostedes levárono á situación na que está, vostede apoiou todo iso. Vai ter que sufrir un pouquiño. Fala do campamento da discapacidade, este Concello en temas de axudas sociais, non ter cor co que había antes, aos que vostede apoiaba, se gastaron máis de 400.000 euros que co goberno anterior. O que teñen que facer esas persoas, é reclamarlle ao Sr. Feijoo. Fala de que no artigo 23. Apartado 27 do Estatuto de Autonomía, as competencias en servizos sociais son materia

SECRETARIA

exclusiva da Xunta de Galicia, isto é un engano pídallo ao Sr. Feijoo. Fala do PXOM, os seus colegas tiraron por terra dous plans xerais un no 2006 e outro no 12 ou 13, perdendo os cartos. No 12 ou 13, alguen o tirou, di que él o dixo aquí, pero lle silvaron. Os cidadáns entenderon que quen dicía a verdade é a persoa que está sentada aquí. Fala do Plan Hidrolóxico que daquelas non había nada dixo, o dano que fixeron e maiúsculo, cando chegaron estaba morrendo o Plan Especial. Hai que agradecerlle a Encarnación Rivas, que reanualizou para poder continuar co Plan Especial, cre que para o ano que ven haberá Plan Especial. Di que ten moito respecto e moita consideración, iso de que Monforte é un desastre, (dirixíndose a D^a Katherinie), non fale mal do seu pobo, cambie iso que é polo ben seu. Di que con todos os respectos, o orzamento deste Concello non o fai o alcalde, os cálculos dos ingresos non os fai o alcalde, hai uns técnicos, que o fan conforme á normativa. Die que vostede non sabe moi ben como se fai un orzamento, porque non ten moita experiencia aquí, algún día entenderao. Os orzamentos son clarísimos e verá como se adapta á lei, onde está o problema se se adaptan á lei. Fala vostede das plusvalías, a sentenza que saíu non di que non teñan que haber as plusvalías, plusvalía vai habelas outra cousa é como se regulan, di que cumpren coa norma. Dígalle ao Sr. Feijoo, que faga realidade aquilo que dixo que era a lexislatura do rural, a día de hoxe non fixo nada, non so non fixo nada senón que pecha servizos, o hospital de Verín, iso é fixar poboación, algo tan natural como parir, dígalle algo diso. Fala de que pechamos o aparcadoiro de Doade, falar por falar fala calquera. O embarcadoiro de Doade, non é en Doade, porque se fora, estaría no Concello de Sober, e o embarcadoiro da Deputación da Ponte do Sil, e está no Concello de Monforte, acabouse a concesión ao do bar, hai unha nova responsable dese área na Deputación, que ve que iso non está legal despois de 30 uo 40 anos, por non ter non ten nin fosa de saneamento, estase facendo o proxecto para correxilo e legalizalo. Rematou unha concesión e non se renovou. Di que nunca se adicou tanto ao emprego como se adica agora, pero o Concello pón 100.00 euros máis , incrementan para o emprego neto. A RPT non estaba feita ¿qué fixeron nos 12 anos anteriores?, fárase neste mandato, os anteriores non a fixeron, este equipo a fará, temos o compromiso e cumprirán o seu compromiso. Fala do contrato do lixo, que Monforte é unha cidade sucia, non sabe por onde anda vostede, moita xente lle di que Monforte está limpo, e non é un contrato deste equipo de goberno. O que é para nota é o que vostede saca hoxe na prensa, o PP acusa ao alcalde de non incentivar que os médicos do hospital se queden en Monforte. Iso de verdade non lle digo o que tería que dicirle porque é unha grosería, ¿por qué non lle dan contratos estables?. Porque vostedes non sacan esas prazas de MIR, formar un especialista mínimo 4 anos, teñen máis de 600 prazas sen cubrir. Di que lle pediu unha entrevista ao Sr. Feijoo e non o recibiu nestes derradeiros anos, como alcalde non lle intereso pero como Presidente da Deputación si. Vostedes que falan dos presupostos, o outro día saían no xornal os presupostos ata o ano 2020, nós este ano van con 13,6 millóns de euros, pero se imos ano 2009, este Concello tivo 17,7 millóns de presuposto máis dos que imos ter nos para o 2020, e con todo isto chegamos ao Monforte desastroso como vostede di dona Maribel, se se chegou a unha enfermidade grave, quen é o responsable, sobra moito criticar a un goberno sen dicir este tipo de cousas.

Sometido o asunto a votación, aprobouse por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, catro votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e da concelleira D^a Isabel García

SECRETARIA

Díaz (Esperta Monforte) e unha abstención de D. Emilio José Sánchez (BNG) do Grupo Mixto .

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo ás nove horas e vinte e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,